

## CONCRECIÓN CURRICULAR

### Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36014544	IES Indalecio Pérez Tizón	Tui	2022/2023

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro	3
b) A contribución á adquisición das competencias clave	6
c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais	8
d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía	9
e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos	10
f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso	11
g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias	11
h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso	12
i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso	13
j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación	13
k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso	15
l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas	16
m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas	17
n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular	18
o) Outros apartados	18

## **a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro**

A RESOLUCIÓN do 26 de maio de 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2022/23 (DOG de 20 de xuño) establece que o currículo de aplicación na Comunidade Autónoma de Galicia no curso 2022/23 para os cursos impares das etapas educativas de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato é o establecido nos decretos 156/2022, do 15 de setembro, para a ESO e o 157/2022, do 15 de setembro, para o bacharelato, sendo, xa que logo, 1º e 3º da ESO e 1º de bacharelato os cursos nos que se implanta o currículo LOMLOE no presente curso académico 2022-2023.

### **CURSOS IMPARES (1º e 3º) DA ESO.**

O DECRETO 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 26 de setembro), establece no seu Art. 7 que a educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nas alumnas e nos alumnos as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e avanzar nunha reflexión ética sobre o seu funcionamento e a súa utilización.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmos, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, mensaxes e textos complexos, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das demais persoas, así como o patrimonio artístico e cultural.
- k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e do das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado, a empatía e o respecto cara aos seres vivos, especialmente os animais, e o ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- m) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- n) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

### **CURSO IMPAR (1º) DO BACHARELATO.**

O DECRETO 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG de 26 de setembro), establece no seu Art. 7 que o bacharelato contribuirá a desenvolver nas alumnas e nos alumnos as capacidades que lles permitan:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable,

inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa.

b) Consolidar unha madureza persoal, afectivo-sexual e social que lles permita actuar de forma respectuosa, responsable e autónoma, e desenvolver o seu espírito crítico. Prever, detectar e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais, así como as posibles situacións de violencia.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades de mulleres e homes, analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes, así como o recoñecemento e o ensino do papel das mulleres na historia, e impulsar a igualdade real e a non discriminación por razón de nacemento, sexo, orixe racial ou étnica, discapacidade, idade, enfermidade, relixión ou crenzas, orientación sexual ou identidade de xénero, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e na mellora do seu ámbito social.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

j) Comprender os elementos e procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e a tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao ambiente.

k) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

l) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

m) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Afianzar os hábitos de actividades físico-deportivas para favorecer o benestar físico e mental, así como medio de desenvolvemento persoal e social.

n) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da mobilidade segura e saudable.

o) Fomentar unha actitude responsable e comprometida na loita contra o cambio climático e na defensa do desenvolvemento sustentable.

p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio cultural material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

A mesma RESOLUCIÓN do 26 de maio de 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2022/23 (DOG de 20 de xuño) establece que o currículo de aplicación na Comunidade Autónoma de Galicia no curso 2022/23 para os cursos pares das etapas educativas de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato é o establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, sendo, polo tanto, 2º e 4º da ESO e 2º de bacharelato os cursos nos que se mantén o currículo LOMCE.

#### CURSOS PARES (2º e 4º) DA ESO.

O Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, establece no seu Art. 10 que a educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitarse a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitarse os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais

persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

#### CURSO PAR (2º) DE BACHARELATO.

O Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, establece no seu Art. 26 que o bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomenta a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

b) Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.

m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

- n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
- o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
- p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

## **b) A contribución á adquisición das competencias clave**

Os currículos da ESO e do bacharelato pretenden garantir unha formación adecuada e integral, que se centre no desenvolvemento das competencias clave e que sexa equilibrada, porque incorpora na súa xusta medida compoñentes formativos asociados á comunicación, á formación artística, ás humanidades, ás ciencias, á tecnoloxía e á actividade física.

A etapa de educación secundaria obrigatoria participa do proceso de adquisición das competencias clave para a aprendizaxe permanente que aparecen recollidas na Recomendación do Consello da Unión Europea do 22 de maio de 2018. O perfil de saída do alumnado ao acabar o ensino básico é a ferramenta en que se concretan os principios e os fins do sistema educativo galego referidos ao devandito período. O perfil identifica e define, en conexión cos retos do século XXI, as competencias clave que se espera que as alumnas e os alumnos desenvolvesen ao completar esta fase do seu itinerario formativo.

O bacharelato ten como finalidade proporcionarlle ao alumnado formación, madureza intelectual e humana, coñecementos, habilidades e actitudes que lle permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e aptitude. Debe, así mesmo, facilitar a adquisición e o logro das competencias indispensables para o seu futuro formativo e profesional, e capacitálo para o acceso á educación superior.

Tanto o DECRETO 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 26 de setembro), coma o DECRETO 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG de 26 de setembro), establecen nos seus Art. 8 que a ESO e o bacharelato contribuír á desenvolver nas alumnas e nos alumnos as seguintes competencias clave:

a) Competencia en comunicación lingüística (CCL). Supón interactuar de forma oral, escrita, signada ou multimodal de maneira coherente e adecuada en diferentes ámbitos e contextos, e con propósitos comunicativos diversos. Implica mobilizar, de maneira consciente, o conxunto de coñecementos, destrezas e actitudes que permiten comprender, interpretar e valorar criticamente mensaxes orais, escritas, signadas ou multimodais evitando os riscos de manipulación e desinformación, así como comunicarse eficazmente con outras persoas de maneira cooperativa, creativa, ética e respectuosa. A CCL constitúe a base para o pensamento propio e para a construción do coñecemento en todos os ámbitos do saber. Por iso, o seu desenvolvemento está vinculado á reflexión explícita sobre o funcionamento da lingua nos xéneros discursivos específicos de cada área de coñecemento, así como aos usos da oralidade, a escritura ou a signación para pensar e para aprender. Por último, fai posible apreciar a dimensión estética da linguaxe e gozar da cultura literaria.

b) Competencia plurilingüe (CP). Implica utilizar distintas linguas, orais ou signadas, de forma apropiada e eficaz para a aprendizaxe e a comunicación. Esta competencia supón recoñecer e respectar os perfís lingüísticos individuais e aproveitar as experiencias propias para desenvolver estratexias que permitan mediar e facer transferencias entre linguas, incluídas as clásicas, e, de ser o caso, manter e adquirir destrezas na lingua ou linguas familiares e nas linguas oficiais. Integra, así mesmo, dimensións históricas e interculturais orientadas a coñecer, valorar e respectar a diversidade lingüística e cultural da sociedade, co obxectivo de fomentar a convivencia democrática.

c) Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (competencia STEM polas súas siglas en inglés). Entraña a comprensión do mundo utilizando os métodos científicos, o pensamento e representación matemáticos, a tecnoloxía e os métodos da enxeñaría para transformar a contorna de forma comprometida, responsable e sustentable. A competencia matemática permite desenvolver e aplicar a perspectiva e o razoamento matemáticos co fin de resolver diversos problemas en diferentes contextos. A competencia en ciencia supón a comprensión e explicación da contorna natural e social, utilizando un conxunto de coñecementos e metodoloxías, incluídas a observación e a experimentación, co fin de formular preguntas e extraer conclusións baseadas en probas para poder interpretar e transformar o mundo natural e o contexto social. A competencia en tecnoloxía e enxeñaría comprende a aplicación dos coñecementos e metodoloxías propios das ciencias para transformar a nosa sociedade de acordo coas necesidades ou desexos das persoas nun marco de seguridade, responsabilidade e sustentabilidade.

d) Competencia dixital (CD). Implica o uso seguro, saudable, sustentable, crítico e responsable das tecnoloxías

dixitais para a aprendizaxe, para o traballo e para a participación na sociedade, así como a interacción con estas. Inclúe a alfabetización en información e datos, a comunicación e a colaboración, a educación mediática, a creación de contidos dixitais (incluída a programación), a seguridade (incluído o benestar dixital e as competencias relacionadas coa ciberseguridade), asuntos relacionados coa cidadanía dixital, a privacidade, a propiedade intelectual, a resolución de problemas e o pensamento computacional e crítico.

e) Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA). Implica a capacidade de reflexionar sobre un mesmo para autoconecerse, aceptarse e promover un crecemento persoal constante; xestionar o tempo e a información eficazmente; colaborar con outros de forma construtiva; manter a resiliencia, e xestionar a aprendizaxe ao longo da vida. Inclúe tamén a capacidade de lle facer fronte á incerteza e á complexidade; adaptarse aos cambios; aprender a xestionar os procesos metacognitivos; identificar condutas contrarias á convivencia e desenvolver estratexias para abordalas; contribuír ao benestar físico, mental e emocional propio e das demais persoas, desenvolvendo habilidades para coidarse a si mesmo e a quen o rodea, a través da corresponsabilidade; ser capaz de levar unha vida orientada ao futuro; así como expresar empatía e abordar os conflitos nun contexto integrador e de apoio.

f) Competencia cidadá (CC). Contribúe a que alumnas e alumnos poidan exercer unha cidadanía responsable e participar plenamente na vida social e cívica, baseándose na comprensión dos conceptos e nas estruturas sociais, económicas, xurídicas e políticas, así como no coñecemento dos acontecementos mundiais e o compromiso activo coa sustentabilidade e o logro dunha cidadanía mundial. Inclúe a alfabetización cívica, a adopción consciente dos valores propios dunha cultura democrática fundada no respecto aos dereitos humanos, a reflexión crítica sobre os grandes problemas éticos do noso tempo e o desenvolvemento dun estilo de vida sustentable acorde cos obxectivos de desenvolvemento sustentable expostos na Axenda 2030.

g) Competencia emprendedora (CE). Implica desenvolver un enfoque vital dirixido a actuar sobre oportunidades e ideas, utilizando os coñecementos específicos necesarios para xerar resultados de valor para outras persoas. Achega estratexias que permiten adaptar a mirada para detectar necesidades e oportunidades; adestrar o pensamento para analizar e avaliar a contorna, e crear e reformular ideas utilizando a imaxinación, a creatividade, o pensamento estratéxico e a reflexión ética, crítica e construtiva dentro dos procesos creativos e de innovación; e espertar a disposición a aprender, a arriscar e a afrontar a incerteza. Así mesmo, implica tomar decisións baseadas na información e no coñecemento e colaborar de maneira áxil con outras persoas, con motivación, empatía e habilidades de comunicación e de negociación, para levar as ideas expostas á acción mediante a planificación e xestión de proxectos sustentables de valor social, cultural e económico-financeiro.

h) Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC). Supón comprender e respectar o modo en que as ideas, as opinións, os sentimentos e as emocións se expresan e se comunican de forma creativa en distintas culturas e por medio dunha ampla gama de manifestacións artísticas e culturais. Implica tamén un compromiso coa comprensión, o desenvolvemento e a expresión das ideas propias e do sentido do lugar que se ocupa ou do papel que se desempeña na sociedade. Así mesmo, require a comprensión da propia identidade en evolución e do patrimonio cultural nun mundo caracterizado pola diversidade, así como a toma de conciencia de que a arte e outras manifestacións culturais poden supoñer unha maneira de mirar o mundo e de darlle forma.

A vinculación entre competencias clave e retos do século XXI é a que lles dará sentido ás aprendizaxes, ao achegar a escola a situacións, cuestións e problemas reais da vida cotiá, o que, pola súa vez, proporcionará o necesario punto de apoio para favorecer situacións de aprendizaxe significativas e relevantes, tanto para o alumnado como para o persoal docente. Quérese garantir que todo o alumnado que supere con éxito o ensino básico e, polo tanto, acade o perfil de saída saiba activar as aprendizaxes adquiridas para responder aos principais desafíos a que deberá facer fronte ao longo da súa vida:

a) Desenvolver unha actitude responsable a partir da toma de conciencia da degradación do ambiente e dos malos tratos animais baseada no coñecemento das causas que os provocan, agravan ou melloran, desde unha visión sistémica, tanto local como global.

b) Identificar os diferentes aspectos relacionados co consumo responsable, valorando as súas repercusións sobre o ben individual e o común, xulgando criticamente as necesidades e os excesos e exercendo un control social fronte á vulneración dos seus dereitos.

c) Desenvolver estilos de vida saudable a partir da comprensión do funcionamento do organismo e a reflexión crítica sobre os factores internos e externos que inciden nela, asumindo a responsabilidade persoal e social no coidado propio e no coidado das demais persoas, así como na promoción da saúde pública.

d) Desenvolver un espírito crítico, empático e proactivo para detectar situacións de inequidade e exclusión a partir da comprensión das causas complexas que as orixinan.

e) Entender os conflitos como elementos connaturais á vida en sociedade que deben resolverse de maneira pacífica.

f) Analizar de maneira crítica e aproveitar as oportunidades de todo tipo que ofrece a sociedade actual, en particular as da cultura na era dixital, avaliando os seus beneficios e riscos e facendo un uso ético e responsable que contribúa á mellora da calidade de vida persoal e colectiva.

g) Aceptar a incerteza como unha oportunidade para articular respostas máis creativas, aprendendo a manexar a

ansiedade que pode levar aparellada.

h) Cooperar e convivir en sociedades abertas e cambiantes, valorando a diversidade persoal e cultural como fonte de riqueza e interesándose por outras linguas e culturas.

i) Sentirse parte dun proxecto colectivo, tanto no ámbito local como no global, desenvolvendo empatía e xenerosidade.

j) Desenvolver as habilidades que lle permitan seguir aprendendo ao longo da vida, desde a confianza no coñecemento como motor do desenvolvemento e a valoración crítica dos riscos e beneficios deste último.

Malia que a aprendizaxe permanente debe producirse ao longo de toda a vida, o perfil de saída remite ao momento preciso do final do ensino básico. Porén, dado que as competencias clave se adquiren necesariamente de forma secuencial e progresiva ao longo de toda a vida, resulta necesario adecualas a ese outro momento do desenvolvemento persoal, social e formativo do alumnado que supón o final do bacharelato e, consecuentemente, nesta etapa afóndanse e ampliáanse os niveis de desempeño previstos ao final do ensino básico, co fin de os adaptar ás necesidades e aos fins desta etapa postobrigatoria.

### **c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais**

Fomentárase a cooperación entre departamentos didácticos a fin de unificar no posible metodoloxías, contidos e nomenclaturas en materias diferentes, impulsando a interdisciplinaridade e a transversalidade.

O alumnado, pola súa idade, está en proceso de formación no xeito de convivir cos demais. Potenciar na aula unhas relacións axeitadas entre o alumnado e entre profesorado e alumnado será positivo no proceso de aprendizaxe. Aprenderos a convivir é un labor colectivo. Nel debe participar o profesorado, especialmente o titor/a, axudados e dirixidos polo Equipo de Convivencia, o Departamento de Orientación e o equipo directivo.

Potenciar valores como a tolerancia, responsabilidade, solidariedade, traballo en equipo, non discriminación, coeducación, pacifismo, ecoloxismo e outros favorecen, sen dúbida, unha axeitada convivencia entre todos/as. Este labor que se pode desenvolver na mesma aula, pero tamén en todo tipo de accións como actividades complementarias, documentación e impresos do Instituto, taboleiros de información, etc.

Así pois, traballarase nas diferentes materias a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, a iniciativa social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade.

Fomentárase, de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a concienciación e formación sobre o cambio climático, a educación para a sostibilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.

Promoveranse actividades (obradoiros, conferencias, etc.) que teñan coma obxectivo combatir os discursos e as actitudes de desigualdade entre sexos e concienciar na denuncia e rexeitamento de actos de violencia de xénero. Promoveranse co traballo titorial na aula hábitos e ideas que contradigan estereotipos de xénero e prexuízos. Daranse a coñecer nos contidos curriculares o papel e contribución da muller en diversos ámbitos (ciencia, arte, política, etc.) ao longo da historia. Seguindo as directrices da Lei 7/2004 Galega para a igualdade entre homes e mulleres e ao abeiro das normas aprobadas no NOFC do centro, mantense a paridade na elección de delegados/as e subdelegados/as de curso.

Promoverase a resolución pacífica e dialogada dos conflitos. Promoverase un programa de “mediación entre iguais”, co que se pretende formar na resolución pacífica e dialogada de conflitos a alumnado voluntario, facéndoo así protagonista e partícipe na toma de decisións, a fin de que medien no comezo dos conflitos entre alumnado e evitar que estes cheguen a xefatura de estudos, na medida do posible.

Ese labor complementarase con diversas charlas, películas, etc., organizadas a través do departamento de orientación, o equipo de dinamización da convivencia e das titorías e en colaboración con diversas institucións públicas e/ou privadas.

Fomentárase a participación do alumnado en todos os ámbitos, por constituír esta un valor básico para a formación dos cidadáns e necesario para unha educación integral que fomente os principios democráticos de convivencia, respecto, solidariedade e capacidade crítica. En definitiva, o alumnado debe ter un papel activo na súa formación, ser consciente da importancia do esforzo persoal, da reflexión crítica, e da responsabilidade na toma de decisións (facendo partícipe ao alumnado no mantemento do centro; continuando coa “mediación entre iguais”, formando ao alumnado na resolución dialogada e pacífica de conflitos).

Favorecerase a interculturalidade coma elemento enriquecedor da sociedade, aproveitando dúas circunstancias propias deste centro: dunha banda, estar situado nunha vila fronteiriza con Portugal e que forma unha eurocidade xunto á vila portuguesa de Valença, e doutra banda, o feito de ter matriculado no centro alumnado de orixe marroquí, suíza, francesa, ucraína, guineo-ecuadoriana, chinesa e brasileira. Impulsarase o estudo da lingua portuguesa, consonte a Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía, dada a



interrelación entre Tui e Valença.

#### **d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía**

Os principios metodolóxicos veñen establecidos no Art. 17 do DECRETO 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia para a ESO e no Art. 18 do DECRETO 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia para o bacharelato.

O ensino público debe ter en conta as necesidades, capacidades e intereses do alumnado e formar nos principios, valores e prácticas democráticas, é dicir, debe ofrecer unha educación de calidade, completa e útil para formar cidadáns activos, responsables e comprometidos coa realidade que os rodea. Por este motivo, defenderase un ensino:

- non dogmático, baseado nos coñecementos proporcionados pola razón e a ciencia.
- que forme para a paz, que promova a tolerancia, o respecto á diversidade e eduque contra calquera forma de discriminación.
- que inculque valores como a constancia e o esforzo.
- inclusivo e colaborativo, coa implicación de todos/as.
- coeducativo, que desenvolva a personalidade do alumnado e as súas capacidades afectivas e emocionais.

Desenvolverase, así pois, unha metodoloxía didáctica fundamentalmente comunicativa, activa e participativa. Na consecución destes obxectivos, axudarán, asemade, as accións dos grupos de dinamización: normalización lingüística, TIC, biblioteca, convivencia e actividades extraescolares.

##### **1. FORMACIÓN INTEGRAL**

Fomentarase a participación do alumnado en todos os ámbitos, por constituír esta un valor básico para a formación dos cidadáns e necesario para unha educación integral, que fomente os principios democráticos de convivencia, respecto, solidariedade e capacidade crítica. En definitiva, o alumnado debe ter un papel activo na súa formación, ser consciente da importancia do esforzo persoal, da reflexión crítica, e da responsabilidade na toma de decisións.

A formación integral en contidos e como persoa, está relacionada coa convivencia no Centro, polo que cómpre que todos/as os membros da comunidade educativa contribúan á súa promoción. No presente curso académico, o equipo de convivencia continuará o labor do curso anterior.

Ademais, incorporaranse os contidos transversais que contribúan á formación integral do alumnado.

A motivación do alumnado é fundamental para poder ofrecer un ensino de calidade. Esta non debe ser só labor do profesorado, senón que debe implicar a todos os axentes educativos e sociais.

##### **2. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

Un ensino de calidade require unha atención diversificada atendendo á heteroxeneidade de capacidades e motivacións do alumnado nos distintos grupos.

O departamento de orientación colaborará co profesorado na detección, prevención e xestión das dificultades de aprendizaxe e superdotación cun diagnóstico precoz, asegurando a todo o alumnado unha educación acorde ás súas características.

Na medida do posible, procurarase reducir a ratio de alumnado por aula, o que permitirá unha maior interacción entre docente e discente, ademais dunha atención máis individualizada.

Unha das medidas ordinarias de atención á diversidade para conseguir unha aprendizaxe diversificada na ESO son os reforzos.

Dentro das medidas extraordinarias, no presente curso académico, contaremos con agrupamentos específicos nos grupos de 1º, 2º e 4º ESO para as materias instrumentais: Lingua galega, Matemáticas e Lingua castelá, e un grupo de PDC en 3º da ESO.

A FPB de Instalacións Electrotécnicas e de Telecomunicacións permite atender ao perfil do alumnado con dificultades para acadar a titulación na ESO e que así pode acceder aos ciclos formativos ou mesmo ao mundo laboral.

##### **3. FOMENTO DA LECTURA**

A lectura é imprescindible nunha boa formación integral do alumnado. As estratexias máis salientables organizadas a través do equipo da Biblioteca Aloia e empregadas para este fin serán:

- Hora de ler semanal para o alumnado de 1º e 2º de ESO.

- Mochilas viaxeiras para 1º ESO.
- Reto lector.
- Clubs de lectura.
- Dinamización lectora en festas e conmemoracións (Samaín, Día do Libro, Día de Rosalía, Día das Letras Galegas, etc.).

4. TIC  
O uso de novas tecnoloxías de información e comunicación tamén contribúe a unha formación integral do alumnado. O noso Centro ten instalados proxectores e pantallas, ordenadores e conexión a internet en todas as aulas. Todas as materias teñen un espazo virtual para o seu seguemento, xestionado polos profesorado ao cargo e baixo a supervisión e organización do Equipo TIC.

5. PLURILINGÜISMO  
A aprendizaxe do alumnado en galego e castelán é positiva para a súa formación integral. O feito de que o noso alumnado domine dúas linguas é unha riqueza na súa formación. A valorización, fomento e normalización da lingua galega desenvólvese a través do Equipo de Dinamización Lingüística en consonancia con distintos departamentos didácticos e dinamizadores.

Facilitarase a escollo de francés e portugués coma segundas linguas estranxeiras en todos os grupos e niveis. Impulsarase o estudo da lingua portuguesa, consonte a Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía, dada a interrelación entre Tui e Valença.

Dentro desta liña de fomento do plurilingüismo, inclúense as dúas seccións bilingües de matemáticas en inglés, unha en 2º ESO e outra en 3º ESO.

Promoverase a certificación do nivel lingüístico do alumnado de 2º BAC e 2º de ciclos medio e superior en inglés (B1 e B2 de Trinity), participando na convocatoria que a Xunta convoca no presente curso 2022-2023. Para facilitar a participación do alumnado o exame de certificación celebrarase no centro.

6. MULTICULTURALIDADE  
Favorecerase a interculturalidade coma elemento enriquecedor do noso alumnado, aproveitando dúas circunstancias propias deste centro: dunha banda, estar situado nunha vila fronteiriza con Portugal e que forma unha eurocidade xunto á vila portuguesa de Valença, e doutra banda, o feito de ter matriculado no centro alumnado de orixes e culturas diversas. Colaborarase con outros centros de concellos veciños e de localidades portuguesas limítrofes con Galicia na organización de actividades conxuntas que transmitan ao alumnado o coñecemento e a riqueza do patrimonio transfronteirizo. Así, este curso, continuarase coa colaboración e intercambio coa Escola Secundaria Camilo Castelo Branco de Vila Real (Portugal), co intercambio co Colexio- Liceo Giacomo Zanella de Schio (Italia) e o intercambio con Calais (Francia).

Promoverase a participación en programas que permitan ao alumnado progresar na aprendizaxe de linguas e desenvolvemento da súa autonomía académica e laboral (Erasmus +).

### **e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos**

O centro poñerá a disposición do profesorado e departamentos didácticos os materiais e recursos didácticos dispoñibles que, con carácter xeral, serán utilizados para a consecución dos obxectivos de cada etapa e a adquisición das competencias clave. As programacións didácticas dos diferentes departamentos didácticos recollerán os diferentes recursos e materiais que serán utilizados no proceso de ensinanza-aprendizaxe, e que serán seleccionados en función da súa adecuación aos principios metodolóxicos xerais establecidos neste documento e aos específicos de cada materia que se recollen nas programacións didácticas.

Os criterios para a elección destes materiais serán:

- a) Obxectivos de etapa.
- b) Situacións educativas concretas de cada materia.
- c) Nivel de desenvolvemento do alumnado e a súa diversidade.
- d) Disposición do material e o seu uso.
- e) Finalidade pedagóxica.
- f) Contexto educativo do centro.
- g) Inclusión de elementos transversais.
- h) Adecuación aos criterios de avaliación establecidos.

## **f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso**

No ámbito da súa autonomía pedagóxica e de xestión, O IES Indalecio Pérez Tizón establece os seguintes criterios de oferta educativa para a elaboración dos itinerarios e oferta de materias optativas do centro. Estes criterios foron elaborados polo equipo directivo, consensuados na CCP e aprobados polo claustro deste IES.

Estes criterios concréntanse como segue:

### 1. Orientación académica, formativa e profesional:

1. A etapa de Bacharelato deberá permitir a adquisición e logro das competencias indispensables para o futuro formativo e profesional.

2. A etapa de Bacharelato deberá capacitar ao alumnado para a educación superior.

3. Os centros docentes poderán establecer agrupacións en itinerarios das materias específicas de modalidade e das optativas, orientados aos distintos campos das ensinanzas posteriores.

4. Os centros deberán ofrecer a totalidade das materias específicas das modalidades e vías autorizadas (Ciencia e Tecnoloxía e Humanidades e Ciencias Sociais). Esta oferta quedará limitada en caso de que o número de alumnado por materia ou vía sexa inferior á ratio establecida pola Consellería.

5. Coa finalidade de orientar a elección das alumnas e dos alumnos, as materias optativas agruparanse de forma que se poida orientar ao alumnado tanto para os estudos postobrigatorios como para a incorporación á vida laboral.

6. Coa finalidade de facilitarlle ao alumnado a posibilidade de acadar unha maior puntuación na parte voluntaria das probas ABAU, a oferta do centro terá en conta a ponderación da Ciug para ofertar as materias de modalidade que se ofertan como optativas.

### 2. Preferencias do alumnado:

1. Se ofertarán todas as materias específicas das modalidades para que o alumnado faga constar por orde as súas preferencias.

2. Tendo en conta a elección por orde de preferencia das materias específicas de modalidade realizadas polo alumnado na prematrícula, na oferta de matrícula poderanse establecer bloques para estas materias.

3. No que respecta ás materias optativas intentaranse satisfacer, sempre que sexa posible, as preferencias do alumnado.

### 3. Recursos humanos e materiais do centro:

1. A oferta de materias non poderá supoñer unha ampliación de cupo.

2. A oferta de materias deberá respectar os condicionantes organizativos do profesorado que imparte clase en distintas ensinanzas.

3. A oferta de materias que requiran desdobres ou agrupamentos de alumnado estarán condicionadas pola capacidade de espazos do centro.

4. A oferta de materias estará supeditada á normativa que regula a impartición de afíns.

## **g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias**

O Departamento de Actividades Complementarias e Extraordinarias (DACE) coordinado pola Vicedirección, debe promover, organizar e facilitar a realización das actividades complementarias e extraescolares como parte dun proceso de formación integral do alumnado.

Aínda que o departamento ten carácter unipersonal, para o desenvolvemento da súa programación é fundamental a colaboración do resto de departamentos didácticos do centro, do departamento de orientación, dos equipos de dinamización e do profesorado que queira implicarse na realización das actividades. Con esta finalidade durante o mes de setembro os departamentos farán chegar á vicedirección as súas propostas de actividades complementarias e extraescolares, segundo o modelo establecido a tal efecto.

O DACE elaborará unha programación propia que inclúe os obxectivos do departamento, os criterios organizativos e as propostas de actividades de cada un dos departamentos didácticos e equipos dinamizadores do centro.

### 1.OBXECTIVOS

As actividades complementarias e extraescolares teñen os seguintes obxectivos xerais

- - Consolidar aprendizaxes da aula nun contexto referencial diferenciado
- - Fomentar principios e actitudes de respecto ao medioambiente

- - Coñecer a contorna natural, cultural e económica.
- - Aprender e desfrutar dun lecer saudable
- - Ampliar o horizonte cultural do alumnado

## 2. LIÑAS PRIORITARIAS

No presente curso considéranse prioritarias as seguintes liñas de actuación:

- - Coñecemento e dinamización da cultura galega
- - Promoción do respecto e da igualdade como valores fundamentais de convivencia
- - Afianzamento de prácticas e hábitos de vida saudables
- - Mellora da convivencia da comunidade educativa
- - Prevención de adicións e prácticas prexudiciais

## 3.- PLANEAMENTO E ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES

A función do DACE é apoiar e promocionar as actividades organizadas desde o distintos departamentos así como actividades de centro non encadradas na planificación de ningún deles pero que concordan cos obxectivos e liñas prioritarias establecidas.

Cara o apoio e promoción de actividades remitirase aos xefes de departamento e equipos de dinamización información sobre oferta de actividades, eventos, promocións,... que poidan ser do seu interese.

Respecto da realización dunha actividade concreta é preceptivo que o profesorado a cargo da mesma encha o impreso de solicitude para proceder a súa adecuada organización (contratación do transporte, elaboración da listaxe de asistentes, autorizacións, asignación de acompañantes, ...)

Para a contratación do transporte o DACE solicitará orzamento a distintas empresas optando pola máis económica ou a que en maior medida se adecúe aos requerimentos de horario ou itinerario que se soliciten. O custo do transporte, será, agás excepcións xustificadas, costeado ao menos con un (1) € como mínimo por cada alumno/a, cantidade simbólica pero efectiva a modo de reserva de praza.

O Dace informará aos equipos docentes das actividades que poidan alterar a xornada lectiva, así como do alumnado participante e non participante na actividade. Ademais, publicitaranse as actividades e difundiranse os seus resultados.

As actividades non concretadas na programación elaborado polo DACE, presentaranse, durante o curso en vicedirección e serán aprobadas, se procede, polo equipo directivo. No caso das pernoctas deberán contar a maiores coa aprobación do Consello Escolar.

Para aquelas actividades que impliquen a saída do centro, a ratio establecida é dun profesor/a cada 20 alumnos/as, O profesorado participante na actividade será preferiblemente profesorado que imparte clase ao grupo.

Os gastos de transporte de actividades complementarias e extraescolares dun día de duración serán parcialmente financiados polo centro.

## **h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso**

### ESO

Segundo o establecido na Orde de 8 de setembro de 2022 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011 de 7 de decembro, o alumnado que promocióne con materias suspensas dun curso a outro, deberá seguir un Plan de Reforzo e recuperación de materias pendentes en cada unha delas, destinado á súa recuperación.

Este plan será elaborado polo docente que no presente curso imparta a materia, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesor/a titor/a, e tendo como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumno/a, tomando como referente o informe elaborado ao inicio de curso polo equipo docente, e deberá recoller os obxectivos e competencias que o alumno ten que acadar. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte do alumnado, recaendo na figura do/a xefe/a de departamento a elaboración e seguimento deste plan, no caso de que o alumno non teña esa materia.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento deste plan, facendo os axustes que procedan, ata a avaliación final, na que se decidirá se o alumno/a acada avaliación positiva. Antes da avaliación final os departamentos deberán determinar se o alumnado ten que realizar ou non unha proba obxectiva de carácter global ou parcial para a recuperación da materia pendente. No caso de haber esta proba, a xefatura de estudos establecerá un calendario de exames.

### BACHARELATO

O alumnado de 2º de Bacharelato que promocione con materias suspensas de 1º Bacharelato deberá seguir un Plan de recuperación e avaliación da materia pendente. Este plan será elaborado polo profesorado do departamento que teña asignada docencia desas materias durante ese curso, facéndose en cada avaliación o seguimento deste plan. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte do alumnado, recaendo na figura do xefe/a de departamento a elaboración e seguimento deste plan, no caso de que o alumno non teña esa materia.

A xefatura de estudos poderá organizar un calendario de exames de recuperación de materias pendentes, que será anterior á realización dos exames das materias da avaliación ordinaria de 2º Bacharelato.

O alumnado que, tras a avaliación final ordinaria, tivese suspensa algunha materia pendente do primeiro curso, ten dereito a unha proba extraordinaria nas datas que se determinen na norma que estableza o calendario escolar para 2º de Bacharelato.

#### FP Básica

Os departamentos implicados deberán organizar as consecuentes actividades de recuperación e avaliación dos módulos profesionais pendentes.

1) O alumnado deberá ser informado das actividades programadas para a súa recuperación, así como do período da súa realización, a temporalización e a data en que serán avaliadas.

2) O alumnado que non cumpra os requisitos de promoción ao segundo curso deberá repetir o primeiro curso na súa totalidade.

### **i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso**

Ao abeiro da ORDE de 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, de 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia e que imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, establécese o seguinte:

1. Cando unha alumna ou un alumno de educación secundaria obrigatoria permaneza un ano máis no mesmo curso debe seguir un plan específico personalizado, que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou do alumno, para tratar de superar as dificultades detectadas. Este plan elaborárase o equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor, e desenvolverase ao longo de todo o curso.

2. O plan específico personalizado debe incluír, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación da información á familia.

3. En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

4. En todo caso, a alumna ou o alumno poderá permanecer no mesmo curso unha soa vez, e dúas veces como máximo ao longo do ensino obrigatorio. De xeito excepcional poderase permanecer un ano máis no cuarto curso, aínda que se esgotase o máximo de permanencia, sempre que o equipo docente considere que esta medida favorece a adquisición das competencias establecidas para a etapa. Neste caso poderase prolongar un ano o límite de idade ao que se refire o artigo 4.2 da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

### **j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación**

1. ESO.

1.1. Criterios de promoción na ESO

1) Acadará a promoción dun curso a outro o alumnado con todas as materias ou ámbitos aprobados.

2) O alumnado con avaliación negativa nunha ou dúas materias (computándose a tales efectos as materias pendentes), independentemente da materia.

3) Ademais do exposto nos epígrafes anteriores poderá promocionar se o equipo docente, por unanimidade ou

maioría simple, o decide o alumnado que cumpra simultaneamente todas estas condicións:

- 3.1) A media aritmética de todas as materias do curso sexa igual ou superior a cinco (5) puntos.
  - 3.2) A natureza das materias non superadas lle permita seguir con éxito o curso seguinte.
  - 3.3) Que teña expectativas favorables de recuperación das materias ou ámbitos suspensos no curso seguinte.
  - 3.4) Que dita promoción beneficie a súa evolución académica.
- 4) O alumnado que non promocione e teña que repetir seguirá un Plan Específico Personalizado, elaborado segundo o art. 52 da Orde do 8 de setembro de 2021, coa finalidade de adaptar as condicións curriculares ás necesidades do alumna/o, para tratar de superar as dificultades detectadas.

#### 1.2. Criterios de titulación na ESO.

- 1) O alumnado que supere todas as materias ou ámbitos na avaliación final de 4o ESO acadará o título de graduado na ESO.
- 2) Cando non se cumpra o disposto no punto anterior, o equipo docente poderá decidir a titulación dun alumno/a sempre e cando se cumpran simultaneamente as seguintes condicións:
  - 2.1) A media aritmética de todas as materias do curso sexa igual ou superior a cinco (5) puntos.
  - 2.2) Que o equipo docente considere que o alumno/a adquiriu as competencias establecidas.
  - 2.3) Que o equipo docente considere que o alumno/a acadou os obxectivos de etapa.

## 2. BACHARELATO.

### 2.1. Criterios de promoción no BACHARELATO

- 1) Acadará a promoción dun curso a outro o alumnado con todas as materias aprobadas.
- 2) O alumnado con avaliación negativa nunha ou dúas materias. A tales efectos computarán só as materias que como mínimo deba cursar en cada un dos bloques; e no de libre configuración autonómica só se computará Lingua Galega e Literatura, con independencia de que poidan cursar máis materias nese bloque.

### 2.2. Criterios de titulación no BACHARELATO

O alumnado que supere todas as materias dos dous cursos de Bacharelato na avaliación final ordinaria ou extraordinaria acadará o título de Bacharel. Excepcionalmente, o equipo docente poderá decidir a obtención do título de Bacharelato cando un alumno/a supere todas as materias agás unha (1), pendentes incluídas, sempre que se cumpran simultaneamente as seguintes condicións:

- 1) O/a alumno/a teña acadadas as competencias e obxectivos vinculados a ese título.
- 2) Non ter faltas de asistencia continuadas e inxustificadas, que den lugar ao Desaproveitamento da Formación Continuada.
- 3) Terse presentado ás probas e realizar as actividades necesarias para a súa avaliación, que serán as que figuren nas programacións didácticas, incluídas as da convocatoria extraordinaria.
- 4) Ter unha media nas cualificacións de todas as materias da etapa cursadas que como mínimo se requiran para a obtención do título pola modalidade que se remata, igual ou superior a cinco (5) puntos.
- 5) Ter unha cualificación global mínima da materia suspensa non inferior a tres (3) puntos.

## 3. FP BÁSICA.

### 3.1. Criterios de promoción na FP BÁSICA.

Ao remate do primeiro dos cursos do ciclo formativo básico e como resultado do proceso de avaliación, o equipo docente do primeiro curso de FP Básica, na avaliación final de módulos e na avaliación extraordinaria, decidirá sobre a promoción do alumnado a segundo curso.

O alumnado de primeiro curso terá promoción a segundo curso cando:

- 1) Superase todos os módulos nalgunha das convocatorias establecidas.
- 2) Os módulos profesionais asociados a unidades de competencia pendentes non superen o 20 % do horario semanal e superase o módulo de Comunicación e sociedade I ou o módulo de Ciencias aplicadas I. Con todo, deberá matricularse destes módulos profesionais pendentes de primeiro curso.

### 3.2. Criterios de Titulación na FP Básica

O alumnado que supere a totalidade dos módulos da FP Básica que está a cursar acadará o título de graduado en Educación Secundaria Obrigatoria e o de Técnico en Formación profesional Básica.

## 4. CICLOS FORMATIVOS.

### 4.1. Criterios de promoción nos Ciclos Formativos (Réxime ordinario).

- 1) O alumnado poderá formalizar a matrícula no segundo curso cando teña superados todos os módulos do primeiro curso ou se a suma da duración do módulo ou dos módulos pendentes non supera as 300 horas.
- 2) Cando un alumno ou unha alumna non logren a promoción deberán repetir os módulos profesionais non superados, para o cal deberán formalizar a matrícula no mesmo curso e se incorporarán ao grupo de alumnado correspondente.
- 3) O alumnado poderá realizar a matrícula de primeiro ou segundo curso no mesmo centro un máximo de dúas veces,

sempre que non esgotase o número de convocatorias.

#### 4.2. Criterios de Titulación nos Ciclos Formativos.

1) Para a obtención do título de técnico ou de técnico superior, cumprirá acreditar a superación de todos os módulos profesionais de que conste o correspondente ciclo formativo, así como cumprir os requisitos de acceso a el.

### **k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso**

#### 1. ESO.

1.1. Logo da avaliación final de 4º ESO, poderá concederse a matrícula de honra como máximo a un número de alumnas/os igual ao número enteiro máis próximo ao 5% do total do alumnado matriculado en 4º ESO.

1.2. Cando o número total de alumnado matriculado en 4º ESO sexa igual ou inferior a vinte (20) alumnos/as, só se poderá conceder unha (1) matrícula de honra.

1.3. Poderá obter esta mención o alumnado que, logo da avaliación final, obtivese unha nota media do curso igual ou superior a nove (9) puntos en 4º ESO.

1.4. En caso de empate, aplicaranse sucesivamente os seguintes criterios:

1.4.1. Maior nota media en 4º ESO.

1.4.2. Maior nota media no expediente académico da ESO.

1.4.3. Maior nota media no primeiro ciclo da ESO.

1.4.4. Maior número de materias coa cualificación de sobresaínte na ESO.

1.4.5. De persistir o empate, este resolverase mediante un sorteo público.

1.5. Esta mención será consignada nos documentos de avaliación do/a alumno/a.

1.6. En caso de reclamación por desacordo con algunha cualificación final e a rectificación, de ser o caso, afectase á obtención desta mención, a xunta de avaliación reuniríase en sesión extraordinaria para revisar a decisión.

#### 2. BACHARELATO.

2.1. Poderá obter esta mención o alumnado que, logo da avaliación final ordinaria, obtivese unha nota media do curso igual ou superior a nove (9) puntos en 2º Bacharelato.

2.2. Esta mención poderá concederse como máximo a un número de alumnas/os igual ao número enteiro máis próximo ao 5% do total do alumnado matriculado en 2º de Bacharelato.

2.3. En caso de que o alumnado que puidese ter dereito a dita matrícula de honra fose superior á porcentaxe citada, concederíase a matrícula de acordo cos seguintes criterios prioritarios:

2.3.1. Maior nota media no 2º curso do Bacharelato.

2.3.2. Maior nota media no Bacharelato.

2.3.3. Maior número de materias de 2º Bacharelato con cualificación de sobresaínte

2.3.4. Maior número de materias de 1º Bacharelato con cualificación de sobresaínte.

2.3.5. En caso de persistir o empate, este resolverase mediante un sorteo público.

2.4. Esta mención será consignada nos documentos de avaliación do/a alumno/a.

2.5. En caso de reclamación por desacordo con algunha cualificación final e a rectificación, de ser o caso, afectase á obtención desta mención, a xunta de avaliación reuniríase en sesión extraordinaria para revisar a decisión.

#### 3. CICLOS.

3.1. Poderá obter esta mención o alumnado que, logo da avaliación final ordinaria, obtivese unha nota media do curso igual ou superior a nove (9) puntos en 2º curso de Ciclo Básico, Medio ou Superior.

3.2. Esta mención poderá concederse como máximo a un número de alumnas/os igual ao número enteiro máis próximo ao 5% do total do alumnado matriculado en 2º de Ciclo Básico, Medio ou Superior.

3.3. En caso de que o alumnado que puidese ter dereito a dita matrícula de honra fose superior á porcentaxe citada, concederíase a matrícula de acordo cos seguintes criterios prioritarios:

3.3.1. Maior nota media no 2º curso do Ciclo Básico, Medio ou Superior.

3.3.2. Maior nota media no Ciclo Básico, Medio ou Superior.

3.3.3. Maior número de módulos de 2º Ciclo Básico, Medio ou Superior con cualificación de sobresaínte

3.3.4. Maior número de módulos de 1º Ciclo Básico, Medio ou Superior con cualificación de sobresaínte.

3.3.5. En caso de persistir o empate, este resolverase mediante un sorteo público.

3.4. Esta mención será consignada nos documentos de avaliación do/a alumno/a.

3.5. En caso de reclamación por desacordo con algunha cualificación final e a rectificación, de ser o caso, afectase á obtención desta mención, a xunta de avaliación reuniríase en sesión extraordinaria para revisar a decisión.

## I) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas

As programacións didácticas ateranse ao establecido na RESOLUCIÓN de 26 de maio de 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2022/23 (DOG do 20 de xuño).

A comezos de curso e dentro dos prazos establecidos pola Consellería de Educación, as xefaturas de departamento didácticos presentarán a través de medios informáticos as programacións de cada materia e nivel impartidos polo departamento.

Todos os Departamentos empregarán un modelo normalizado, que poderá variar para adaptarse ás instrucións que anualmente dita a Consellería.

Cada programación dos cursos pares (2º e 4º) de ESO e do curso par (2º) de bacharelato será asinada por todos os membros do Departamento Didáctico e enviada polo xefe/a do mesmo ao correo do centro en formato PDF normalizado, a fin de que dirección proceda ao seu arquivo e envío a inspección.

Así mesmo, publicarase un extracto na web do centro e colgarase en cada aula, que deberá incluír, alomenos, o seguinte: contidos, temporalización, metodoloxía, criterios de avaliación e cualificación.

Para a elaboración das programacións dos cursos impares (1º e 3º) de ESO e impar (1º) de bacharelato utilizarase a aplicación PROENS (<https://www.edu.xunta.gal/proens>).

Para a elaboración das programacións de ciclos empregarase a aplicación PROGRAMACIÓNS dispoñible na páxina da FP (<https://www.edu.xunta.gal/programacions>).

Ao abeiro do Art. 41.3 da RESOLUCIÓN do 26 de maio de 2022, a estrutura das programacións dos cursos impares (1º e 3º) da ESO e do impar (1º) de bacharelato incluírá os seguintes puntos:

1. Introducción.
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias.
3. Relación de unidades didácticas coa súa secuencia e temporalización, que incluírán a parte do currículo da área, materia ou ámbito que se traballará e a relación de instrumentos de avaliación.
4. Metodoloxía

- Concrecións metodolóxicas.
- Materiais e recursos didácticos.

5. Avaliación:

- Procedemento para a avaliación inicial.
- Criterios de cualificación con indicación do grao mínimo de consecución para a superación e criterios de recuperación.
- Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes, no caso da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.
- Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato.

6. Medidas de atención á diversidade.

7. Transversal:

- Concreción dos elementos transversais.
- Actividades complementarias.

8. Práctica docente:

- Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro.
- Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da programación.

Ao abeiro do Art. 41.4 da RESOLUCIÓN do 26 de maio de 2022, a estrutura das programacións dos cursos pares (2º e 4º) da ESO e do par (2º) de bacharelato incluírá, cando menos, os seguintes puntos:

1. Introducción.
2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Concreción que recolla a relación dos estándares de aprendizaxe avaliáveis da materia que forman parte dos perfís competenciais.
3. Concreción, de ser o caso, dos obxectivos para o curso.
4. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliábel de:

- Temporalización.



- Grao mínimo de consecución.
  - Procedementos e instrumentos de avaliación.
5. Concrecións metodolóxicas.
  6. Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar.
  7. Criterios sobre a avaliación e a cualificación.
  8. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.
  9. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes, de ser o caso.
  10. Organización dos procedementos que permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato.
  11. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.
  12. Medidas de atención á diversidade.
  13. Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda.
  14. Actividades complementarias programadas.
  15. Mecanismos de revisión, de avaliación e de modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

Os departamentos realizarán o seguimento das programacións didácticas de cada materia, con indicación do seu grao de cumprimento e, en caso de desviacións, cunha xustificación razoada. As programacións incorporarán as propostas de mellora recollidas no curso anterior.

### **m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas**

A comezo de curso o equipo directivo informará dos posibles proxectos, plans e programas nos que pode participar o profesorado e o alumnado. Darase prioridade aos proxectos, plans e programas cuxa finalidade sexa a solución e/ou traballo naquelas problemáticas máis importantes sinaladas nas memorias dos departamentos e do centro dos cursos anteriores.

Unha vez analizados estes proxectos nos departamentos correspondentes, comunicarán a súa disposición a coordinar e participar nos mesmos.

O equipo directivo promoverá a participación do centro en proxectos, plans e programas informando ao claustro daqueles que poidan ser do seu interese, facendo suxestións e propostas coa dinamización da vicedirección e/ou da Comisión de Coordinación Pedagóxica, escoitando e favorecendo as propostas que fagan os membros dos departamentos didácticos ou o profesorado a título persoal, procurando a participación da comunidade educativa.

Seguirase o seguinte protocolo:

- 1) Proposta motivada de participación do centro dirixida á dirección e elaborada polo departamento didáctico (indicando o profesorado disposto a participar).
- 2) Información a claustro e/ou CCP.
- 3) Información e aprobación polo Consello escolar.
- 4) Elaboración da documentación e presentación da proposta, por parte dos/as coordinadores/as, nos prazos que estableza cada convocatoria.
- 5) Memoria final e informe de avaliación da participación dirixidos á dirección ao remate, de ser o caso.

Establécense os seguintes criterios xerais para a participación do centro en proxectos, plans ou programas:

- a) Normativa aplicable, características e requisitos da convocatoria.
- b) Liñas pedagóxicas e obxectivos a conseguir.
- c) Efectos sobre a convivencia escolar e a equidade na educación.
- d) Grao de participación da comunidade educativa.
- e) Secuenciación e temporización da proposta.

No presente curso escolar 2022-2023 o IES Indalecio Pérez Tizón participará nos seguintes programas:

- Seccións Bilingües de matemáticas en inglés (2º e 3º ESO).
- Proxecto Ríos (1º, 3º e 4º ESO e 1º BAC).
- Proxectos de Vida Activa e Deportiva PVAD (1º e 3º ESO e 1º BAC).
- Acreditación Alumnado en Lingua Estranxeira Centros Públicos (2º BAC, 2º CMC e 2º CSC).
- Erasmus + (2º CMC).

- Voluntariado na Biblioteca.
- PLAMBE.

## **n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular**

Empregaranse os seguintes indicadores de logro para avaliar a concreción curricular:

- Resultados da avaliación por curso, materia e grupo.
- Adecuación dos materiais, recursos didácticos e distribución, no seu caso, de espazos e tempos á secuenciación de contidos e criterios de avaliación asociados.
- Contribución dos métodos pedagóxicos e medidas de atención á diversidade aplicados á mellora dos resultados obtidos.

A modificación da concreción curricular realizarase tendo en conta as indicacións recollidas na Memoria Anual, que inclúe as memorias dos departamentos didácticos e as propostas dos órganos colexiados (claustro, CCP e consello escolar), tras a avaliación da mesma segundo os criterios mencionados anteriormente.

## **o) Outros apartados**

### **1. FCT**

A realización da FCT axustarase ao establecido na Orde do 28 de febreiro de 2007 pola que se regula o módulo profesional de formación en centros de traballo da formación profesional inicial, para o alumnado matriculado en centros educativos da Comunidade Autónoma de Galicia e no Art. 4.5.2. do NOFC deste IES (setembro 2022).